



FONDO SOLIDARIO de libros de Texto, AXUDAS para adquirir LIBROS DE TEXTO e AXUDAS para MATERIAL ESCOLAR

Orde do 16 de maio de 2017 (D.O.G. 22/05/2017)

A **Orde do 16 de maio de 2017** (DOG 22/05/2017) regula a participación nas convocatorias seguintes para o **curso 2017/18**:

1. **FONDO SOLIDARIO de libros de texto** para **todo o alumnado** matriculado en **3º/4º/5º/6º de EP e 1º/2º/3º/4º de ESO**.
2. **AXUDAS para adquirir libros de texto** para alumnado matriculado **1º/2º de EP**.
3. **AXUDAS para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en **EP e ESO**.

SOLICITANTES

- País, nais, titores legais do alumnado incluído nos apartados anteriores.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

- a) Do **23 de maio ao 23 de xuño de 2017**, ambos incluídos.
- b) Alumnado de **4º ESO que repita curso no 2017/18** terá un (1) mes desde a formalización da matrícula.

DOCUMENTACIÓN

- Impreso de **solicitud** en soporte papel (única para as tres convocatorias e para todos os fillos/as admitidos no mesmo centro), que se entregará no centro docente (preferiblemente).
O **impreso** pódese solicitar **no centro, descargalo** das páxinas <https://sede.xunta.es> ou <https://www.edu.xunta.es>, ou **solicitalo** nas xefaturas territoriais da consellería de Educación.
- A **solicitud** deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na **solicitud**.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2016/17.
2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2017/18 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
4. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

Renda per cápita da unidade familiar: Resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2015 entre o número de membros computables. Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2015, sumaranse a base imponible xeral (recadro 380) e a base imponible do aforo (recadro 395); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Membros computables da unidade familiar a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado. b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada. d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar. e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común. g) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable: a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida. b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2015, agás no relativo á violencia de xénero.

MÁIS INFORMACIÓN ...

- ❖ No reverso desta páxina.
- ❖ Directamente en Secretaría do CPI Plurilingüe de Vedra.
- ❖ Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/cpidevedra/>.
- ❖ Portal educativo da Consellería de Educación: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18988>.



NOTA INFORMATIVA

ESQUEMA DO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS PARA LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

FONDO SOLIDARIO	NIVEIS: 3º, 4º, 5º e 6º EP e 1º, 2º, 3º e 4º ESO	
	SOLICITANTES: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per capita da unidade familiar.	
	AXUDA: acceso aos libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro, por orde inversa á renda per capita.	
	GARANTÍA:	6 libros de texto (renda per capita igual ou inferior a 5.400 €).
4 libros de texto (renda per capita igual ou inferior a 9.000 €).		
AXUDAS PARA LIBROS	NIVEIS: 1º e 2º EP e EE	
	SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda per capita igual ou inferior a 9.000 €.	
	IMPORTE DA AXUDA	Renda* per capita igual ou inferior a 5.400 €. EP: 170 €.
		Renda* per capita igual ou inferior a 9.000 €. EP: 90 €.
Alumnado* de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65%: 250 €		
AXUDAS PARA MATERIAL	NIVEIS: EP, ESO, EE	
	SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda* per capita igual ou inferior a 5.400 €.	
	IMPORTE DA AXUDA: 50 €	

*NOTA. Non se aplica o límite de renda ao alumnado de EE, ao alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65% e ao alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.